



FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN
Convocatoria de tres bolsas de colaboración
na Exposición Nacional da Construción Naval de Ferrol
2023

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade (VEPE) fai pública a convocatoria de tres bolsas de colaboración na Exposición Nacional da Construción Naval de Ferrol para estudantes da Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña (UDC).

A tramitación destas bolsas será levada a cabo pola Facultade de Humanidades e Documentación.

1. Obxecto das bolsas

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de tres bolsas que permitan a formación teórica e práctica do alumnado da Facultade de Humanidades e Documentación mediante a realización de actividades de apoio relacionadas coa Exposición Nacional da Construción Naval de Ferrol.

As tarefas que cumprirá levar a cabo son as seguintes: establecer un sistema de rexistro, catalogación, ordenación e almacenamento do fondo, e realizar labores de catalogación e organización da exposición, así como calquera outro quefacer de investigación, análise, recompilación ou desenvolvemento de materias incluídas na temática da exposición. As axudas distribuiranse atendendo á oferta educativa do centro.

O custo total das bolsas ascende a 5468,22 €, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 7100.300C.480.00 – Bolsas estudantes da Facultade de Humanidades e Documentación (incluído o importe de 968,22 € correspondente ás obrigas en materia de Seguridade Social da UDC como entidade financiadora do programa formativo, de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación).

2. Requisitos das persoas solicitantes

A UDC convoca tres bolsas de colaboración destinadas a aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar matriculadas, e ao corrente do pagamento das taxas, nas titulacións oficiais da UDC que a seguir se indican durante o curso académico 2022/23, e continuar os seus estudos no curso académico 2023/24, así como durante toda a duración da bolsa.

As persoas bolseiras de colaboración deberán manter a condición de estudantes das titulacións de grao en Humanidades, grao en Información e Documentación, grao en Xestión Dixital de Información e Documentación ou Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas.

Código Seguro De Verificación	wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Humanidades e Documentación - Manuela Del Pilar Santos Pita	Asinado	15/03/2023 11:17:16
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A perda da condición de estudante dalgunha destas titulacións oficiais que se imparten na Facultade de Humanidades e Documentación suporá o cesamento automático da bolsa e tamén a perda dos dereitos que esta leva consigo.

b) Non estar en posesión dun título universitario na data da finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria nin reunir os requisitos legais para a súa expedición, excepto se a devandita titulación é un requisito académico para continuar os estudos na UDC.

c) Reunir os requisitos académicos establecidos nesta convocatoria.

d) Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da UDC.

e) Non incorrer en ningunha causa de incompatibilidade das especificadas no Regulamento de bolsas de colaboración para formación na UDC aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 31/05/2016.

3. Formalización das solicitudes

As solicitudes presentaranse por duplicado e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

a) Formulario normalizado (ANEXO I)

b) Fotocopia do DNI

c) Currículo da persoa solicitante coa documentación que o acredite.

d) Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída (ANEXO II)

e) No caso de realizarse unha actividade retribuída, deberá presentarse unha certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de renda, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores ao 30 % do salario mínimo interprofesional.

4. Prazo e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral da UDC (rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña), no Rexistro Auxiliar de Elviña-A Zapateira (Facultade de Ciencias, Local nº1 (planta baixa), Campus da Zapateira, 15071 A Coruña)) ou no Rexistro Auxiliar de Ferrol (Edificio de Usos administrativos (1º andar), R/ Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol), ou ben telematicamente a través da sede electrónica da UDC, nun prazo de seis días hábiles desde a publicación desta convocatoria.

5. Contía e período de duración das bolsas

O importe bruto da axuda será de 1500 €, que se aboarán en pagamentos mensuais de 250 €. Aplicaranse as retencións correspondentes a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto. Así mesmo, ao devandito importe descontaráselle a cotización do/a bolseiro/a á Seguridade Social, segundo o disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira no día último do mes que corresponda.

Código Seguro De Verificación	wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Humanidades e Documentación - Manuela Del Pilar Santos Pita	Asinado	15/03/2023 11:17:16
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A duración da bolsa será de seis meses repartidos en dous períodos, do 1 de maio ao 30 de xuño (dous meses) e do 1 de setembro ao 31 de decembro (catro meses), cunha dedicación de 8 horas semanais.

Os pagamentos faranse con cargo á partida orzamentaria 7100.300C.480.00 – Bolsas estudantes da Facultade de Humanidades e Documentación.

A aceptación da bolsa terá lugar mediante documento asinado pola persoa interesada en que se comprometa a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

6. Comisión de Selección

A Comisión de Selección será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, asistida por unha comisión que se constituirá na Facultade de Humanidades e Documentación para elaborar un informe sobre a valoración dos méritos dos candidatos. Tal comisión estará constituída polos seguintes membros:

- Presidenta: Manuela del Pilar Santos Pita, decana, ou a persoa en quen delegue
- Secretaria: María del Pilar Comesaña Pérez, secretaria da Facultade
- Vogal 1: Miguel Rodríguez Luaces, vicedecano da Facultade
- Vogal 2: Antonio García Allut., profesor titular da Facultade
- Representante do PAS: Gerardo Martínez Vale
- Representante do alumnado: Rubén Fernández Blanco

7. Criterios de avaliación

O criterio de avaliación será o expediente académico, tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), na data da fin do prazo de solicitude da convocatoria.

Publicarase na sede electrónica da UDC unha lista provisional de persoas admitidas e excluídas, a partir do cal se abrirá un prazo de catro días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederase á resolución das solicitudes de bolsa e á súa publicación no mesmo lugar en que se publicou a convocatoria.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o/a reitor/a no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

Todas as baixas que se produzan antes do 30/10/2023 serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a Comisión de Selección.

8. Obrigas das persoas bolseiras

- Asinar a aceptación e as condicións da bolsa.
- Incorporarse ao seu centro de destino na data indicada na convocatoria ou na de concesión da bolsa, salvo autorización expresa para facelo noutro momento. A falta de incorporación ou a inasistencia ulterior inxustificada interpretaranse como renuncia á bolsa.

Código Seguro De Verificación	wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Humanidades e Documentación - Manuela Del Pilar Santos Pita	Asinado	15/03/2023 11:17:16
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





c) Realizar con aproveitamento todas as actividades que se lle encomenden, de acordo co obxecto da convocatoria pública da bolsa e seguindo as instrucións da persoa responsable da súa titorización, que tamén o será da súa formación, coordinando e orientando a súa actividade, e supervisando que se respecten os seus dereitos e que cumpra coas súas obrigas.

d) Informar e responder da súa actividade. Ao finalizar a bolsa deberá entregar unha memoria avalada pola persoa responsable da súa titoría. O último pagamento da bolsa quedará condicionado á entrega e aprobación desta memoria.

e) Facer un uso adecuado das instalacións e dependencias universitarias.

f) Cumprir os deberes que se establezan na convocatoria pública da bolsa e no Regulamento de bolsas de colaboración para formación na UDC para a concesión e o goce da bolsa, tendo presente o réxime de compatibilidade cos seus estudos.

g) Non poderá ocupar postos de persoal de administración e servizos nin de persoal docente e investigador, ou que supoñan a realización de labores propios deste persoal.

h) Non gozará de exención dos prezos públicos universitarios, salvo que a convocatoria que orixine o nomeamento, ademais de proceder dun organismo público, inclúa expresamente esta previsión e reciba a conformidade previa do/a reitor/a da UDC.

i) Non poderá ocupar, nin sequera transitoriamente, ningún cargo universitario, excepto que se trate de cargos para os que exista autorización expresa dos Estatutos da UDC, ben por se tratar de órganos abertos á provisión por calquera membro da comunidade universitaria, ou ben por ser cargos derivados da condición de representantes do estudantado.

j) Non realizará actividades que non estean relacionadas especificamente co obxecto da bolsa.

k) Manter a confidencialidade respecto dos asuntos que coñeza no desenvolvemento da bolsa de colaboración, e non dar publicidade, difundir, conservar, copiar, substraer ou utilizar en xeral ningún documento ou información de calquera tipo que pertenza á UDC.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación na UDC (Regulamento de bolsas de colaboración), aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 31/05/2016.

9. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>.

Código Seguro De Verificación	wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Humanidades e Documentación - Manuela Del Pilar Santos Pita	Asinado	15/03/2023 11:17:16
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A solicitude dunha bolsa ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación na UDC implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento, e en todo caso durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ou ben ao correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>, coa referencia «Protección de datos», a través de un escrito asinado para o efecto co cal presentará fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa delegada de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. De igual forma, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, 15 de marzo de 2023

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña

Código Seguro De Verificación	wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Humanidades e Documentación - Manuela Del Pilar Santos Pita	Asinado	15/03/2023 11:17:16
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Anexo I. Solicitude de bolsa de colaboración na Exposición da Construción Naval de Ferrol

Apelidos e nome:

Enderezo durante o curso:

.....

Poboación: Código postal:

Teléfono de contacto: Correo-e:

Estudiante da escola/facultade:

.....

Titulación:

....., de de

Asdo.:

Documentación que se achega:

- Fotocopia do DNI
- Copia do expediente académico
- Currículo (documentación en que consten tanto a experiencia como os coñecementos acreditados de informática e galego)
- Declaración xurada
- Certificado de imputacións do IRPF

DECANATO DA FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN

Código Seguro De Verificación	wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Humanidades e Documentación - Manuela Del Pilar Santos Pita	Asinado	15/03/2023 11:17:16
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Anexo II

D./D.^a

co DNI

Declaro baixo xuramento que non percibo ningunha axuda económica incompatible nin realizo ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao 30 % do salario mínimo interprofesional.

....., de de

Asdo.:

Código Seguro De Verificación	wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Humanidades e Documentación - Manuela Del Pilar Santos Pita	Asinado	15/03/2023 11:17:16
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wDwD+t9i9xpJ+wFuDfh1Lw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

